

ANUNCIO

ASUNTO: CONVOCATORIA 2º EXERCICIO.

PROCESO: SELECCIÓN DE DE PERSOAL MEDIANTE A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PÚBLICO TEMPORAL DE ADMINISTRATIVO/AS.

EXPEDIENTE Nº 757/2022.

En relación co proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, como administrativos de administración xeral do Concello de Vila de Cruces (Subgrupo C1) o Presidente do Tribunal, **ACORDA:**

Primeiro: Proceder á redacción do exame do segundo exercicio, que consistirá na resolución dun suposto práctico a través de 20 preguntas Tipo Test, de carácter obrigatorio e eliminatorio, con respostas alternativas baseadas no contido do Anexo I das bases reguladoras, a realizar durante un periodo de 60 minutos. Así mesmo, redáctanse 2 preguntas de reserva por se é necesario substituír algunha das titulares. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, e para aprobar será preciso acadar un mínimo de 5 puntos. En caso de resposta incorrecta penalizará con 0,25 puntos sobre 1,00 punto de cada pregunta acertada.

Segundo: **CONVOCAR** aos aspirantes que superaron o primeiro exercicio (aqueles que posúen unha puntuación mínima de 5 puntos), para a realización do segundo exercicio, que terá lugar o **xoves día 29 de decembro de 2022, ás 09:30 horas, no Auditorio Xosé Casal de Vila de Cruces.** Os aspirantes deberán vir provistos do DNI para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, e agás causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal. Deberán vir provistos de lápiz e goma.

Teceiro: Publicar o presente anuncio no Taboleiro de Anuncios Municipal e na páxina web do Concello de Vila de Cruces.

O PRESIDENTE,

Asdo.- Javier Castelo Mosquera.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE

